

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**), a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso, Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos

Nos últimos anos as costas galegas veñen sendo afectadas de enorme gravidade pola presenza da Marteilia Cochilla, un parasito que está a atacar moi virulentamente as poboacións de berberecho das nosas rías, levando a esta especie ao borde da desaparición en rías como a de Arousa, feito que ten provocado enormes perdas económicas para as nosas mariscadoras.

Neste sentido parece pouco razoable que a administración nin teña consolidado unha aposta contundente para a investigación do fenómeno, nin plantexado plans de continxencia para evitar que este parasito se estenda ao conxunto da costa galega, provocando un holocausto económico para o sector do marisqueo.

Por iso non se entende, que ante os bos resultados económicos e produtivos da ría de Noia, fundamentalmente baseados na extracción do bivalvo máis afectado por esta praga, non se teña realizado ningún plan de contención da mesma ou protocolo de actuación socio-sanitaria para evitar que este parasito afecte a ría de Noia; en calquera país civilizado isto sería francamente inexplicable, evidentemente na consellería do Mar de Galicia, parecen non atender os mínimos razoamentos de prevención e prudencia.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Creación de inmediato dun plan de continxencia que permita evitar a extensión do parasito *marattia cochilla* ás rías non afectadas como a de Noia.
- 2.- Elaborar un protocolo de actuación que inclúa as consignacións orzamentarias suficientes, para establecer unha liña continua de investigación e estudo de mecanismos de prevención e redución da afectación do parasito as rías galegas.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/01/2016 10:02:13

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/01/2016 10:02:21

Anton Sánchez García na data 25/01/2016 10:02:25

Ramón Vázquez Díaz na data 25/01/2016 10:02:27

Jose Javier Ron Fernandez na data 25/01/2016 10:02:30

Eva Solla Fernández na data 25/01/2016 10:02:36